

THE SALVATION HUNTERS

1446

Josef von Sternberg, 1925

ESTREA EN NUMAX: 23.01.2025 | 69 min

A historia céntrase nun mozo fracasado, unha moza afeita á vida dura na ribeira e un neno cuxos pais morreron no río. Co fin de fuxir do fango o mozo convéncea para ir á cidade levando o neno canda eles. Alí reunírase co bruto, que lles ofrece refuxio só porque lle gusta a moza. Xenial opera prima do director austríaco Josef von Sternberg que gañaría sona mundial nos anos trinta dirixindo a Marlene Dietrich.

«Unha historia crúa e poética sobre a pobreza e a depresión aclamada como unha obra mestra por Charles Chaplin»

Tag Gallagher, VARIETY



Unha imaxe inexpressiva da condición humana

Por Fernando F. Croce

Cézanne ten a súa mazá xeométrica, Char marabíllase ante "a enerxía dislocante da poesía", Josef von Sternberg propónse "fotografar o pensamento". O porto prepara o escenario elocuentemente sórdido, con lúgubres extraviados e leviatáns oxidados aboiano no baleiro. No mundo da abstracción arquetípica, o raparigo (George K. Arthur) está nalgún punto entre "os Nenos do Barro" e "os Nenos do Sol", a rapariga (Georgia Ale) é unha sobrevivente endurecida que fulmina os seus pretendentes cunha mirada de esguello. Engadamos un pequeno orfo (Bruce Guerin) e un felino negro, e o clan improvisado de "Flotsam, Jetsam and Company" posa para unha imaxe inexpressiva da condición humana. A película, que pon de relevo admirablemente a maquinaria do simbolismo, presenta a man de Deus como as fauces de ferro dunha draga de vapor que se desliza laboriosamente pola pantalla e mergulla nas augas en busca de infinitas porcións de lama ("Por cada carga de lama que a garra desprendía, a terra ría e empurraba outra"). A traxectoria de saída do fango cara ao ceo non ten présa.

O enfoque é pictórico, ante todo, pero un pictorialismo rachado pola emoción: unha vista marítima rota por cordas e tubaxes, unha paisaxe urbana chea de fume dividido por cables diagonais, figuras pousadas contra unha parede branca preto dunha fenda aberta. O proxeneta con aires de dandy (Otto Matieson) e a dama caída co kimono sucio (Nellie Bly Baker) encarnan a Gran Cidade, onde Ale se aluga para protexerse da fame mentres Arthur fai pantomimas de visións de luxo ridículo. "Quen te puxo a cargo da miña moral?", espétalle ao mariñeiro, que finalmente come as súas espinacas e derrota o seu inimigo detrás dun cartel que di "Aquí os teus soños fanse realidade". O ritmo das longas de Antonioni tres décadas antes, o porto aflixido lembrado por Visconti (*A terra treme*). E remata cunha nota de alegría que será burlada de maneira efectiva por todas as películas posteriores de Sternberg. En branco e negro.

Publicado en cinepassion.org